



**BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE UNHA BOLSA DE ESTUDOS OU BECA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS LABORÁIS NAS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE MARÍN NO ANO 2016.**

### **1-OBXETO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de **UN/UNHA BOLSEIRO/BOLSEIRA** PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS LABORÁIS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE MARÍN, coa finalidade de promover e completar a súa formación realizando labores de información turística en ditas oficinas.

### **2-BENEFICIARIOS/AS**

Poderán beneficiarse destas bolsas as persoas físicas que, con plena capacidade de obrar e sen estaren inhabilitadas para obter axudas e subvención públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea.
- b) Estar en posesión dunha titulación de grao ou de diplomatura en Turismo, de técnica ou técnico superior en Información e Comercialización Turísticas ou de técnica ou técnico superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas, ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Non ter rematados os seus estudos antes do ano 2006.
- d) Non ter ningunha incapacidade física nin padecer ningunha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
- e) Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa remunerada de duración superior a doce meses na Deputación Provincial de Pontevedra.
- f) Estar inscrita nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego ou en mellora de emprego.
- g) Nor ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non estar contratado polo grupo 1, 2 ou 3 de cotización por un período de tempo superior a 12 meses.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV (para titulacións universitarias) e Celga III (para ciclos superiores de formación profesional).
- i) Estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino.
- j) Non estar incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención (LXS).

### **3-CONTÍA**



A dotación económica das bolsas será de 800 euros ao mes para as persoas graduadas ou diplomadas e de 700 euros ao mes para as técnicas ou técnicos superiores, cantidades que se imputarán á aplicación orzamentaria 432.131.00

O pagamento das bolsas, por mensualidades completas ou por fraccións, realizarase a partir da incorporación das persoas beneficiarias e será proporcional ao tempo que dure a bolsa para os casos nos que se inicie ou finalice a súa relación nunha data que non coincida co mes natural. Esta cantidade será incompatible con calquera outra remuneración ou axuda por parte das administracións públicas ou entidades privadas a partir do momento en que sexa concedida.

No suposto de que o/a beneficiario/a da beca renuncie á mesma unha vez outorgada, aboaráselle a cantidade correspondente aos días transcorridos dende a súa incorporación e ate que se produza a renuncia.

#### **4-NATUREZA DA BOLSA**

O/A bolseiro/bolseira non terá relación laboral nin contractual co Concello máis quedará incluído/a no Réxime Xeral da Seguridade Social, de acordo co previsto no RD 1493/2011 polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

#### **5-DURACIÓN**

A duración das prácticas será de TRES MESES.

#### **6-PUBLICIDADE E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A convocatoria do proceso de selección publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e, en extracto, nun xornal de difusión local. As bases do proceso selectivo publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

As solicitudes para participar na selección, que se axustarán ao modelo que figura como Anexo I, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, nese caso deberá xustificar a data e hora da imposición da solicitude mediante o seu envío ao Concello vía fax ( 986882013), **NO PRAZO DE CINCO (5) DÍAS HÁBILES A CONTAR DENDE O DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.**

As instancias irán acompañadas dos seguintes documentos:

- 1.-Fotocopia do D.N.I. ou documento acreditativo da identidade.



- 2.-Fotocopia da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- 3.-Certificado acreditativo de estar en posesión do coñecemento da lingua galega correspondente ao nivel CELGA III ou IV, segundo o previsto na base 2.h.
- 4.-Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego ou de mellora de emprego actualizada.
- 5.-Certificado de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizada con data posterior ao día da publicación de estas bases no BOP.
- 6.-Declaración xurada de que a persoa interesada se compromete a renunciar, se fose seleccionado, a calqueira actividade remunerada durante a vixencia da bolsa ( Anexo II).
- 7.-Informe ou certificado médico que acredite que o interesado non está incapacitado fisicamente nin padece enfermidade que poida impedir o desenvolvemento das actividades que constitúan o obxeto da bolsa.
- 8.-Declaración xurada do/a interesado/a de non ter sido beneficiario/a con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada de duración igual ou superior a doce meses na Deputación de Pontevedra ( Anexo II).
- 9.-Declaración xurada de estar disposto a asumir os gastos desprazamento ó centro de traballo de destino ( Anexo II).
- 10.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións ( Anexo II).
- 11.-Fotocopia dos méritos alegados.

#### 7-ENMENDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldesa-Presidenta ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **TRES (3) días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución para a enmenda dos defectos ou omisións das súas solicitudes así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo a Alcaldesa ditará resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nomeará ós membros do comité de selección e fixará a data do exercicio.

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### 8-CRITERIOS DE SELECCIÓN

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, concurso, consistirá na valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos, e a segunda, na realización dunha proba tipo test sobre o contido do programa



### **8.1. CONCURSO:**

Baremo de méritos (ate 3,00 puntos). Os méritos acreditados polas persoas interesadas valoraranse conforme aos seguintes criterios:

- a) Expediente académico: ata un máximo de 3,00 puntos. No caso de expedientes académicos nos que non conste a nota media, calculada para as titulacións universitarias polo R.d. 1125/03 e para os ciclos de formación profesional segundo o establecido no R.d. 1147/2011, de 29 de xullo, valorarase con 0,00 puntos. No caso de que algunha das titulacións convocadas non estea calculada polas referidas normas ou estas non se especifiquen poderase establecer un sistema de valoración proporcional.
- Matrícula de honra: 2 puntos
  - Sobresánte ( 9,0-10): 1,5 puntos
  - Notable (7,0-8,9): 1 puntos
  - Aprobado (5,0-6,9): 0,5 puntos
- b) Por posuír outra titulación de nivel igual ou superior ao esixido nas bases da convocatoria: 0,50 por título, ata un máximo de 1 punto.

As puntuacións outorgadas serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

### **8.2. PROBA TEÓRICA: TIPO TEST**

Esta proba será de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 20 preguntas, con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao temario que figura como Anexo III, nun tempo máximo de 30 minutos. Esta proba valorarase de 0 a 10 puntos, debendo acadarse un mínimo de 5 puntos para a súa superación.

A data e a hora na que deberá constituírse o tribunal, ademais do día e a hora para a realización desta proba, determinaraos a Alcaldía na resolución na que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, xunto coa composición do comité de selección, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Marín.

As persoas aspirantes convocaranse para esta proba nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito as que non comparezan a realizala, agás nos casos debidamente xustificados, que resolverá o tribunal. Deberán presentarse para realizaren esta proba provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Na realización e corrección desta proba garantirase o anonimato, para o que o tribunal poderá empregar os medios que considere oportunos.



A puntuación obtida polas persoas aspirantes na proba tipo test sumarase á que corresponde á valoración de méritos, acadándose a PUNTUACION FINAL.

A Comisión cualificadora, unha vez valorados os méritos e efectuada a proba test efectuará proposta de adxudicación da beca a favor da persoa que obtivese a maior puntuación final no proceso de selección.

No caso de que dous ou máis solicitantes acadasen a mesma puntuación final, proporase a adxudicación ao/á solicitante que non gozase de beca para prácticas na Deputación Provincial de Pontevedra con anterioridade e, de manterse a igualdade, adxudicárase ao/á de maior idade. A Alcaldesa, á vista da proposta formulada pola Comisión, resolverá a adxudicación da bolsa de estudos.

Rematado o proceso selectivo publicarase no taboleiro do Concello a listaxe coa puntuación final acadada polos/polos aspirantes de maior a menor puntuación.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións a dita listaxe.

A devandita listaxe e, pola orde de puntuación indicada, servirá á Alcaldía para resolver a adxudicación da beca ofertada e para cubrir as baixas, renuncias, etc que poidan acontecer, así como para o suposto de que o Concello acorde a asignación de novas bolsas de estudos para a realización das referidas actividades de información turística ao longo de 2016.

#### 9- COMITÉ DE SELECCIÓN

A Comisión cualificadora estará integrada por:

- Un Presidente que será un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calqueira outra Administración con titulación igual ou superior a esixida para a bolsa de estudos convocada.
- O/a Secretario/Secretaria do Concello ou funcionario/funcionaria de carreira do Concello de Marín con titulación igual ou superior á esixida para a bolsa de estudos convocada en quen aquel delegue, que actuará como Secretario do Comité con voz e voto.
- Un vogal, funcionario/funcionaria de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calqueira outra Administración, con titulación igual ou superior a esixida para a bolsa de estudos convocada, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal do Concello, pero que actuará en todo caso a título individual.

#### 10.-SUBSTITUCIÓN

No caso de que se produza a renuncia por parte da persoa que resulte inicialmente adxudicataria, a Sra. Alcaldesa-Presidenta poderá proceder ao nomeamento do/da seguinte petionario/peticionaria que obtivese



maior puntuación final polo tempo que reste ate a finalización do período de duración da Bolsa de estudos, reducíndose proporcionalmente a contía de dita bolsa, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

#### **11.-OBRIGAS E DEREITOS DO/A BOLSEIRO/A**

As súas obrigas son as seguintes:

- 1.- Incorporarse ao Concello de Marín para a realización das prácticas.
- 2.- Respetar, en todo momento, a normativa da entidade, seguindo as instrucións que lle sexan dadas, e cumprir o programa formativo.
- 3.- Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.
- 4.- Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do personal do centro.
- 5.- Cumprir as medidas de prevención que, en cada caso, se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daquelas outras persoas ás que poidan afectar á súa actividade a causa dos seus actos ou omisións.
- 6.- Usar adecuadamente as máquinas, aparatos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou responsable das prácticas.
- 7.- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas.
- 8.- Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre as informacións que poida chegar a coñecer en relación coa actividade que desenvolva.
- 9.- Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice o Concello dentro da xornada laboral.
- 10.- En caso de enfermidade ou accidente á persoa bolseira deberá comunicarlle a súa situación ao Concello, presentando o oportuno parte médico xustificativo.
- 11.- En caso de renuncia a persoa bolseira está obrigada a comunicarlle ao Concello con sete días hábiles de antelación.
- 12.- Achegarlle ao Concello unha copia da vida laboral actualizada transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas.

Son dereitos das persoas bolseiras os seguintes:

- 1.- Recibir información sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación.
- 2.- Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas.
- 3.- Dispor do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación.



4.- Dispor dun permiso de dous días hábiles de descanso por mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período.

## 12.-RESPONSABILIDADES

As beneficiarias e os beneficiarios destas bolsas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réximen sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, se establecen do artigo 52 ao 69 da LXS.

### ANEXO I

#### Modelo de instancia:

D./Dña \_\_\_\_\_, con D.N.I. num. \_\_\_\_\_  
con enderezo en (Rúa/lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio)  
\_\_\_\_\_ (Código postal) \_\_\_\_\_, e número de teléfono \_\_\_\_\_.

#### EXPÓN:

Que informado/a da convocatoria de proceso selectivo para a adxudicación de unha bolsa de estudos para a realización de prácticas laborais nas Oficinas de Turismo do Concello de Marín durante TRES MESES no ano 2016, **MANIFESTA** que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª da mesma.

Que acompaña a documentación a que se fai referencia na base 7ª:

- Fotocopia do D.N.I. ou documento acreditativo da identidade.
- Fotocopia da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Certificado acreditativo de estar en posesión do coñecemento da lingua galega correspondente ao nivel CELGA III ou IV, segundo o previsto na base 2.h.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego ou de mellora de emprego actualizada.
- Certificado de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizada con data posterior ao día da publicación de estas bases no BOP.
- Declaración xurada de que a persoa interesada se compromete a renunciar, se fose seleccionado, a calqueira actividade remunerada durante a vixencia da bolsa ( Anexo II).
- Informe ou certificado médico que acredite que o interesado non está incapacitado fisicamente nin padece enfermidade que poida impedir o desenvolvemento das actividades que constitúan o obxecto da bolsa.
- Declaración xurada do/a interesado/a de non ter sido beneficiario/a con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada de duración igual ou superior a doce meses na Deputación de Pontevedra (Anexo II).
- Declaración xurada de estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino (Anexo II).



- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo II).
- Fotocopia dos méritos alegados.

Por todo iso,

**SOLICITA:**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitudé, e

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o CONCELLO DE MARÍN con domicilio na Avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín (Pontevedra) onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI. Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo – aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación – aos representantes dos traballadores, e as administracións públicas competentes.

Na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia.

En Marín a \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_





**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN XURADA**

D./Dna \_\_\_\_\_, con D.N.I. num. \_\_\_\_\_,  
con enderezo en (Rúa/lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio)  
\_\_\_\_\_ (Código postal) \_\_\_\_\_, e número de teléfono \_\_\_\_\_  
aos efectos da súa participación no proceso para a adxudicación de unha bolsa de estudos ou beca para a  
realización de prácticas nas oficinas de turismo do concello de Marín no ano 2016.

Declaro:

- Que non fun beneficiario/a con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada na Deputación Provincial de Pontevedra de duración igual ou superior a 12 meses.
- Que me comprometo a renunciar, se fose seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- Que estou disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.
- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste aos efectos oportunos asino a presente declaración en Marín a \_\_\_\_\_ de  
\_\_\_\_\_ 2016

Asinado \_\_\_\_\_



ANEXO III.- TEMARIO PROBA TIPO TEST

Tema 1.- Paisaxe e áreas naturais no litoral: rías, illas e praias, zonas húmidas e areas, cantís de Galicia.

Tema 2.- Paisaxe e áreas naturais de interior: as montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas.

Tema 3.- As Rías Baixas.

Tema 4.- Visita á cidade e provincia de Pontevedra. Especial referencia á Bisbarra do Morrazo e os seu Concellos.

Tema 5.- Rede viaria e sistemas de transportes.

Tema 6.- Museos principais de Galicia. As Catedrais galegas. Os Mosteiros de Galicia. Castelos, pazos, edificios civís máis relevantes.

Tema 7.- O Concello de Marín e os seus recursos turístico. Rueiro, parroquias.



En Marín a 10 de maio de 2016.

Asda. María Ramallo Vázquez

ALCALDESA-PRESIDENTA

Concello de Marín  
Alcaldía